

**Rodríguez Olaizola, José María,** *En compañía de Jesús. Los jesuitas.* Sal Terrae e Mensajero, 2010. 141 páx.

Velañ un libro feito en colaboración por dúas editoriais e que serve como carta de presentación da Compañía de Xesús. Cun coidado deseño feito por Magui Casanova e Laura de la Iglesia, e ilustracións de Jaime Vicario, preséntanos a historia, e sobre todo o presente desta congregación relixiosa nunha linguaxe coloquial, pensada para derrubar tópicos e achegarse a aquelas persoas que algunha vez oíron falar dos xesuítas.

**Del Agua, Jairo,** *Meditaciones desde la calle.* Edicións KHAF, Zaragoza, 2010. 141 páx. Expresar teolóxico.

O grupo editorial Luis Vives lanza este novo selo editorial, Khaf, para a publicación de obras relacionadas co feito relixioso. Neste título Jairo del Agua, coñecido blogueiro católico, suxírenos airear a nosa mente, abandonar preocupacións banais e achegarnos a Deus. O deus terrible vaíse esvaendo ao descubrímos, con sinxeleza, un Deus namorado que se deixa encontrar por quen volve aos seus brazos e non quere vivir como "fillo pobre de Pai millonario".

**Sequeiros, Leandro,** *El diseño chapucero. Darwin, la biología y Dios.* Edicións KHAF, Zaragoza, 2010. 207 páx. Expresar teolóxico.

O diálogo entre fe e ciencia é posible. A fe non nos afasta do método científico. Neste libro podémonos achegar a cuestións como o creacionismo, as ideas de Darwin, a teoría do Deseño Intelixente ou a proposta atea de Dawkins, esbozando unha formulación da orixe da existencia que fan compatibles a ciencia e a fe. O xesuíta Leandro Sequeiros é Doutor en Ciencias Xeolóxicas na especialidade de Paleontoloxía e Licenciado en Teoloxía. É tamén director do Departamento de Filosofía da Facultade de Teoloxía de Granada.

**Otón, Josep,** *Relatos con vivencia. Retratos de interior.* Edicións KHAF, Zaragoza, 2010. 118 páx. Expresións.

As historias deste libro proceden do portal de internet Aunalia, e constitúen unhas boas ferramentas para traballar educación emocional, educación en valores e educación para a transcendencia. Poden ser usados en titorías, pastoral, etc.

**Pikaza, Xabier,** *El camino de la paz.* Edicións KHAF, Zaragoza, 2010. 336 páx. Expresar Teolóxico.

Xabier Pikaza, doutor en teoloxía e filosofía, dedicado ultimamente ao estudo da fenomenoloxía da relixión e a Biblia, proponnos percorrer en doce estacións o camiño da paz que Xesús iniciou. Contén tamén un breve directorio de institucións ao servizo da paz e unha ampla bibliografía.